

OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA POR LIBRE (2019). Resolución do 15 de xaneiro de 2019 (DOG 24 de xaneiro de 2019).

↳ **REQUISITOS PARA INSCRIBIRSE NAS PROBAS:**

1. Teren feitos os dezaoito anos o día anterior á data de realización da proba. Así, por exemplo, se os exames se celebran o 31 de maio, pódense presentar todas aquelas persoas que teñan cumpridos dezaoito anos o 30 de maio
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.
3. Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2018/19 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.
4. O alumnado matriculado durante o curso 2018/19 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:

4.1. Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

4.2. Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

↳ **CALENDARIO:**

CONVOCATORIAS	PRAZO DE MATRÍCULA	DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA	PUBLICACIÓN DE CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS	PUBLICACIÓN DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS
MAIO	Do 11 de marzo ao 22 de marzo, ambos os dous incluídos	24 de maio de 2019 (o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba iniciarase entre as 8:30 e as 9:00 horas)	6 de xuño http://www.edu.xunta.es	14 de xuño http://www.edu.xunta.es
SETEMBRO	Do 1 de xullo ao 8 de xullo, ambos os dous incluídos	6 de setembro de 2019 (o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba iniciarase entre as 8:30 e as 9:00 horas)	12 de setembro http://www.edu.xunta.es	20 de setembro http://www.edu.xunta.es

As personas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

📌 **PROBAS A REALIZAR E CONTIDOS DAS MESMAS.**

As probas están estruturadas en tres ámbitos:

- **ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO.** Comprenderá exercicios das materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación Física.
- **ÁMBITO SOCIAL** Comprenderá exercicios das materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación a Actividade Emprendedora Empresarial e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.
- **ÁMBITO DE COMUNICACIÓN:** Comprenderá exercicios das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua galega e literatura e Lingua estranxeira. (inglés ou francés).

📌 **HORARIOS (tanto para maio como para setembro).**

Entre as 8:30 e as 9:00 horas iniciarase o chamamento para acceso aos espazos de realización da proba.

- **SESIÓN DE MAÑÁ** terá dúas partes;

1ª PARTE: De 9:30 horas ás 12:00 horas, realizarase a proba do **ámbito científico-tecnolóxico** (que inclúe exercicios das materias de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de Educación Física. O alumnado poderá utilizar as calculadoras científicas habituais non programables.

2ª PARTE: De 12:15 horas ás 13:15 horas, realizaranse as probas **do ámbito social**, que inclúe exercicios das materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación a Actividade Emprendedora Empresarial e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.

- **SESIÓN DA TARDE.**

De 16:00 horas ás 19:00 horas realizaranse as probas do ámbito de comunicación. Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira (Francés ou inglés). Comprende os exercicios de:

a) Lingua Galega e Literatura.

- a.1) Exercicio de redacción. Na valoración da redacción, terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.
- a.2) Cuestións de Lingua Galega e Literatura.

b) Lingua Castelá e Literatura.

b.1) Exercicio de redacción. Realizarase conforme ao disposto no punto a.1 para a Lingua Galega e Literatura.

b.2) Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira (inglés ou francés).

↳ **NORMAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.**

- Para a realización das probas, as persoas inscritas acreditarán a súa identidade presentando o DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.
- Na proba do ámbito científico-tecnolóxico, o alumnado poderá utilizar calculadora.
- Non se poderán utilizar calculadoras programables nin aquelas que permitan a resolución de ecuacións ou a almacenaxe de datos alfanuméricos. En caso de dúbida, o Tribunal poderá revisar a calculadora para a súa valoración.
- Non se permitirá o uso do teléfono móbil, smartwatch nin ningún outro dispositivo electrónico, agás o mencionado no punto anterior. No caso dos reloxos intelixentes non se permitirá o seu acceso para a súa utilización como un reloxo convencional.
- As persoas aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de respostas pechadas, trasladarán as opcións elixidas a unha folla de respostas. Entregarán esta xunto co protocolo de exame.

↳ **SOLICITUDE DE INSCRICIÓN. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte de papel, na secretaría do Centro EPA de Albeiros, parque da Milagrosa, s/n. Lugo.

A solicitude de inscrición irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou doutro documento equivalente cando se denegue expresamente a consulta.
- Copia cotexada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou a certificación académica de ámbitos ou materias superados.
- Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro no caso de que se solicite a exención de lingua galega.
- Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia ou se denegue expresamente a consulta.

↳ **QUE ESTUDOS ANTERIORES SON VALIDABLES PARA ESTAS PROBAS:**

Como norma xeral, son validables aqueles estudos que equivalen a algún ámbito completo das probas. Isto significa que non poden darse por superadas materias illadas se non se corresponden coas que integran un ámbito. Son validables os estudos realizados na ESO, na educación secundaria para persoas adultas, en 2º de BUP e nos módulos voluntarios dos PCPI (programas de cualificación profesional inicial). Para as persoas que proceden dos estudos da educación secundaria obrigatoria (ESO), o cadro de equivalencias é este:

Cualificación positiva nestas áreas de 4º curso da educación secundaria obrigatoria (ESO)	Equivalencias cos ámbitos da proba
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, primeira ou segunda lingua estranxeira	Ámbito da comunicación
Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (ou Física e química, mais Bioloxía e xeoloxía)	Ámbito científico-tecnolóxico.
Ciencias sociais, xeografía e historia.	Ámbito social

Para as persoas que realizaron estudos de educación secundaria para persoas adultas o cadro de equivalencias é este

Cualificación positiva nestes ámbitos da educación secundaria para persoas adultas	Equivalencias cos ámbitos da proba
Cuarto módulo do ámbito da comunicación	Ámbito da comunicación.
-Cuarto módulo do ámbito tecnolóxico-matemático e cuarto módulo do ámbito da natureza (LOXSE). -Cuarto módulo do ámbito científico-tecnolóxico (LOE).	Ámbito científico-tecnolóxico.
Cuarto módulo do ámbito da sociedade	Ámbito social.

As persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do anexo II, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, arredondada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

	Sistema actual		Sistemas educativos anteriores				
Ámbitos exentos	Materias de educación secundaria obrigatoria de 4º de ESO (Decreto 88/2015, do 25 de xuño)	Módulos dos ciclos da formación profesional básica definidos pola Lei orgánica 8/2013	Materias de educación secundaria obrigatoria 4º de ESO (Decreto 133/2007, do 5 de xullo)	Materias e ámbitos do programa de diversificación curricular de 4º de ESO (Orde do 30 de xullo de 2007)	4º módulo (nivel II) dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas ou módulos voluntarios de PCPI	4º módulo dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas, currículo LOXSE	Materias de 2º curso de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto)
Ámbito de comunicación	Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Primeira ou segunda Lingua Estranxeira	Módulo de Comunicación e Sociedade II	Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Primeira ou segunda Lingua Estranxeira	Ámbito lingüístico-social e a materia de Lingua Estranxeira	Comunicación	Comunicación	Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, e Lingua Estranxeira
Ámbito social	Xeografía e Historia	Módulo de Comunicación e Sociedade II	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	Ámbito lingüístico-social	Científico-tecnolóxico	Ámbito tecnolóxico-matemático Ámbito da natureza	Matemáticas, e Física e Química
Ámbito científico tecnolóxico	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía (no caso de non ter cursado algunha das seguintes materias deberá ter superada a materia do terceiro curso)	Módulo de Ciencias Aplicadas II	Matemáticas e, polo menos, dúas materias das seguintes: – Tecnoloxía – Bioloxía e Xeoloxía – Física e Química	Ámbito científico-técnico e a materia de Tecnoloxía	Social	Da sociedade	Xeografía Humana e Historia

↪ AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

-As persoas que obteñan avaliación positiva nos tres ámbitos das probas serán propostas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

-As persoas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas no ámbito ou nos ámbitos superados nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

-As persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

-Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do anexo II, quedará

eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, arredondada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, arredondada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior

A persoa aspirante recibirá unha única cualificación para cada ámbito. Isto quere dicir que, por exemplo, no ámbito lingüístico, non recibirá unha cualificación para lingua castelá, outra para lingua galega e unha terceira para lingua estranxeira, senón unha cualificación global para todo o ámbito.

Para máis información o Departamento de Orientación do I.E.S DE MONTERROSO informaraos e asesoraraos sobre calquera dúbida relacionada con estas probas.

ENLACES DE INTERÉS:

- <http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>. Neste enlace podes descargar o formulario para a inscrición nas probas, descargar exames de anos anteriores...

En Monterroso a 25 de xaneiro de 2019.
A xefa do Departamento de Orientación